



Ana Álvarez Becerra, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Moción, ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa Escola Municipal de Educación Infantil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de setembro de 2004 acordouse no Pleno deste concello a adxudicación do concurso convocado para a xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal a unhas adxudicatarias -as Sras. García Ecurís- que levan xestionando dende aquela esta escola. A empresa que quedou en segundo lugar -"Colexio Os Milagros, S.L."- presentou un recurso contencioso-administrativo (Número 175/2005) contra o Concello de Ribeira no Xulgado Contencioso-administrativo número un de Santiago de Compostela. A razón pola que as adxudicatarias deste concurso (Sras. García Ecurís) non podían presentarse ao concurso é que o fixeron como a unión de dúas persoas físicas sen formalización xurídica. O fallo deste Xulgado (emitido en decembro de 2006 e notificado ao concello en xaneiro de 2007) foi "resolver o concurso a favor da recorrente -Colexio Os Milagros" e declarar nula a adxudicación realizada no pleno". Interpúxose un recurso de apelación, (número 4183/2007) por parte do Concello de Ribeira, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o 26 de febreiro deste ano 2009 emite sentenza e falla en contra do concello de Ribeira desestimando o recurso de apelación e sendo ademais esta resolución definitiva por non caber contra ela ningún outro recurso.

O grupo municipal do BNG enterouse de forma extraoficial desta información xa que o goberno municipal do PP non informou aos grupos da oposición do recurso presentado polo concello de Ribeira nin da sentenza emitida polo TSX de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción dos seguintes

A C O R D O :

- **Que se informe sobre a sentenza emitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e sobre as medidas tomadas a cabo polo goberno municipal dende a data na que tiveron constancia desta sentenza.**
- **Que se faga cumprir a sentenza do TSX e se adxudique ao "Colexio os Milagros, S.L." a xestión da Escola Infantil Municipal da Ribeira.**

Ribeira, 15 de outubro de 2009

PA

Asdo.: Ana Álvarez Becerra

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA